



Concello de Vilaboa

Expediente núm.: 871/2024

Bases Xerais da Convocatoria peon Aprox Rural 2024

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL CON CARÁCTER TEMPORAL (PROGRAMAS DE CONTRATACION TEMPORAL POLAS ENTIDADES LOCAIS DE PERSOAS DESEMPREGADAS E INSCRITAS NA OFICINA DE EMPREGO) PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE VILABOA

1.- OBXECTO.-

Estas bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e baremo que se aplicarán na selección de "1 peón forestal", conforme o previsto no artigo 14 da Orde de 26/12/2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural Aprox Rural do ano 2024, concedida a través de Resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

As bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios da Entidade e na sede electrónica do Concello de Vilaboa <https://vilaboa.sedelectronica.es/board>

2.- RELACIÓN XURÍDICA DOS TRABALLADORES COA ENTIDADE SOLICITANTE DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN

O traballador estará vinculado á entidade solicitante, mediante a modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, código 405, terá carácter temporal, cunha duración de 9 meses a xornada completa.

3- RETRIBUCIÓN

A retribución será de 1134 euros brutos máis prorrateo pagas extras, según Convenio de ámbito estatal para o sector de actividades forestais.

4.- ASPIRANTES QUE PODEN PRESENTARSE

Tendo en conta que as presentes Bases se establecen ao abeiro da Orde do 26/12/2023 DOG 24/01/2024 no que indican que os concellos beneficiarios da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación da correspondente oferta na oficina pública de emprego, outórgase un prazo de 5 días dende a publicación das presentes bases para que os interesados poidan solicitar a súa inclusión.

Rematado o prazo, o concello solicitará a oferta na oficina pública de emprego dos aspirantes admitidos.

A oficina de emprego comunicará aos candidatos o lugar, día e hora no que deberán asistir para realizar a selección orientada a cubrir a oferta de emprego formulada.

5- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387





Concello de Vilaboa

Número de postos de traballo: 1

Clase: persoal laboral temporal.

Nivel de titulación mínimo esixido: ningún.

Denominación do posto: 1 peón forestal

Xornada: a tempo completo

Duración: 9 meses.

5.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Os aspirantes deberán manifestar que reúnen os requisitos que seguidamente se sinalan na data fixada para a proba (fase de oposición) e que están en condición de acreditarlos, unha vez superado o proceso selectivo, antes de que se dite resolución a favor dos aspirantes que vaian ser contratados temporalmente.

a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 e outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que aspira. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con minusvalías en igualdade de condicións que os demais aspirantes.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Ser desempregado e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoa demandante non ocupada.

f) Figurar na listaxe de candidatos remitidos pola Oficina de Emprego Pontevedra-Bisbarra.

g) Non ter sido contratado, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego,

h) Terán preferencia:

- Mulleres, en especial vítimas de violencia de xénero
- Menores de 30 anos, en especial demandantes do primeiro emprego
- Persoas paradas longa duración
- Persoas con discapacidade
- Persoas desempregadas que esgotasen prestación e subsidios por desemprego
- Maiores de 45 anos

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387





Concello de Vilaboa

- Colectivos desfavorecidos, en especial de RISGA
- Emigrantes retornados

6.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

6.1. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.-

O Tribunal de selección estará integrado por 5 empregados públicos

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por Decreto do Alcalde-Presidente, debendo posuír, en calquera caso, titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á función convocada.

Todos eles deberán estar adscritos a un posto de traballo que requira igual ao maior nivel de titulación esixido para cada un dos postos de traballo.

Todos os membros do Tribunal terán voz e voto.

Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política ou o persoal eventual.

6.2.- INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSOAL DE COLABORACIÓN

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores.

7.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o concurso-oposición

7.1 OPOSICIÓN (máximo 6 puntos):

Consistirá na realización dalgunha proba práctica proposta polo tribunal directamente relacionada co desempeño do posto de traballo para o que veñan as persoas candidatas.

O prazo máximo de realización do exercicio será determinado polo tribunal.

Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a seis (6) puntos, sendo necesario obter polo menos tres (3) puntos para superar a proba.

7.2 CONCURSO (4 puntos)

7.A MULLERES, EN ESPECIAL VÍTIMA VIOLENCIA DE XÉNERO. Acreditarase con DNI e informe de servizos sociais ou declaración xurada. Máx 1 punto

Muller: 0,50,

Vitima violencia: 1 punto

7.B. Menores de 30 anos, en especial demandantes do primeiro emprego. Acreditarase co DNI e vida laboral . Máximo: 0,50 puntos

Menores 30: 0,25 puntos

Demandantes primeiro emprego: 0,50 puntos

7.C Persoas paradas longa duración. Acreditarase coa tarxeta de demandante de emprego que indique a antigüidade ou informe da oficina de emprego. Máximo: 0,50 puntos

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387





Concello de Vilaboa

7.D Persoas con discapacidade. Acreditarase con certificado da Consellería de Política Social ou Sanidade. Máximo: 0,50 puntos

7.E Persoas que esgotasen prestación por desemprego. Xustificar con declaración xurada.
Sen rendas (ingresos = 0 € mensuais): 0.5 puntos
Renda menor IPREM : 0,25 puntos

7.F Maiores de 45 anos . Acreditarase co DNI . Máximo: 0,50 puntos

7.G. Colectivos desfavorecidos, en especial de RISGA/emigrantes retornados. Acreditarase con informe de servizos sociais ou declaración xurada. Máx 0,5 puntos

8.- MODO DE ACREDITACIÓN DOS MÉRITOS:

A) Documentación acreditativa dos méritos:

Os candidatos convocados polo Servizo Público de Emprego de Galicia, deberán presentar os seus méritos con data límite o día da proba no Concello de Vilaboa, coas xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/función que se convoca, mediante:

- DNI

- Os relacionados no apartado anterior.

Non se valorarán os méritos que non se acrediten documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia no baremo deberán posuírse na data da realización da entrevista, computándose en calquera caso ata a citada data.

B) Consecuencias do incumprimento do establecido no apartado anterior.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá emendarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

9.- PROPOSTA DE SELECCIÓN

A/O presidenta/e do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante o Alcalde- Presidente do Concello, sen que esta poida superar o número de postos. A devandita proposta publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Vilaboa e na sede electrónica do Concello de Vilaboa <https://vilaboa.sedelectronica.es/board>

O Tribunal establecerá a orde do resto de aspirantes que non foron seleccionados .

No obstante o anterior, sempre que os órganos de selección propuxeran a resolución do proceso selectivo a favor de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387





Concello de Vilaboa

asegurar a cobertura das mesmas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, e despois da contratación o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan aos postos,

No caso de renuncia expresa á contratación por parte dos candidatos seleccionados procederase á contratación do seguinte na relación dos non seleccionados de acordo coa orde establecida na mesma

No caso de vacante in fine sobrevida, o Concello optará entre deixala vacante ou realizar novo chamamento conforme á orde de prelación das persoas non seleccionadas

10.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes propostos presentarán no Rexistro Xeral do Concello de Vilaboa a seguinte documentación no seguinte día hábil ao da notificación.

- a) Fotocopia do DNI.
- b) Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- d) Acreditación de ser desempleado e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia (tarxeta de demandante de emprego ou certificado do Servizo Público de Emprego).
- f) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria
- g) Autorización ao Concello de Vilaboa para comprobar ou verificar os datos aportados nos apartados anteriores.

Salvo causa xustificada, a non presentación da documentación equivale á renuncia á praza.

11.- RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos, o Alcalde- Presidente resolverá o procedemento selectivo, decidindo a contratación.

A non presentación no posto de traballo no día e hora indicados para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

12.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na seguinte normativa:

- Orde do 26/12/2023 DOG 24/01/2024
- Lei 7/85
- RDL 781/1986
- RDL 5/2015
- Lei 5/1997
- Lei 2/2015
- Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común
- Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público
- RDL 32/2021

13.- RECURSOS.

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387





Concello de Vilaboa

Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Vilaboa, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á recepción da presente notificación ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora da devandita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpor calquera outro que estime procedente.

Vilaboa, 7 de maio de 2024

O alcalde,

Cesar Poza Gonzalez

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387





Concello de Vilaboa

ANEXO I

INSTANCIA PROCESO SELECTIVO PEON FORESTAL

DON/A: _____

DNI: _____

ENDEREZO: _____

TELÉFONO DE CONTACTO: _____

Vistas o artigo 14 da Orde do 26/12/202023 da Consellería de Emprego e Igualdade, publicadas no DOG 20/04/2021, e en virtude da carta de presentación que me foi remitida pola Oficina de Emprego de Pontevedra Bisbarra, e para os efectos de cómputo do seu nivel de rendas, de forma oficial e pública

DECLARO :

1. QUE COÑEZO E ACEPTO ÍNTEGRAMENTE O CONTIDO DAS BASES DE CONVOCATORIA DESTAS, CUMPRINDO A TOTALIDADE DE REQUISITOS QUE NELAS SE RECOLLEN, INCLUINDO EXPRESAMENTE:

- QUE ESTOU DESEMPREGADO/A.
- QUE ESTOU INSCRITO/A NO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA, COMO DEMANDANTE NON OCUPADO/A.
- QUE ESTOU DISPOÑIBLE PARA O EMPREGO.

2. QUE NON PADEZO NINGUNHA ENFERMIDADE NIN DEFECTO FÍSICO E/OU PSÍQUICO QUE IMPIDA O NORMAL DESENVOLVEMENTO DAS TAREFAS PROPIAS DO POSTO AO QUE OPTO.

3. QUE NON FUN CONTRATADO POLO CONCELLO DE VILABOA NO ANO 2020 CON CARGO Á CONSELLERÍA DE Economía, Emprego e Industria (agora Consellería de Emprego e Igualdade) DURANTE MÁIS DE 6 MESES.

4. QUE ME FAGO RESPONSABLE DA VERACIDADE DOS DATOS RECOLLIDOS NO CV E RESTO DA DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO.

3. QUE SON COÑECEDOR/A DE QUE ESTOU CONVOCADO/A DE FORMA OFICIAL A TRAVES DA OFICINA DE EMPREGO DE PONTEVEDRA BISBARRA ÁS PROBAS DE SELECCIÓN ESTABLECIDAS NAS BASES DE CONVOCATORIA, SEN QUE O CONCELLO TEÑA QUE REALIZAR NINGÚN NOVO CHAMAMENTO.

4. QUE COMUNICAREI DE FORMA OFICIAL AO CONCELLO DE VILABOA CALQUERA MODIFICACIÓN NOS APARTADOS ANTERIORES.

ASI MESMO DECLARO QUE:

1. Que na táboa incluída neste escrito se recollen todos os membros da unidade de convivencia do/a aspirante, empadroados/as no Concello de Vilaboa na residencia do/a aspirante, facendo constar a totalidade de ingresos mensuales de calquera tipo obtidos por cada un deles.

INTEGRANTES DA UNIDADE DE CONVIVENCIA (INCLUÍDO O/A CANDIDATO/A)

NOME E APELIDOS	DATA NACEMENTO	PARENTESCO	INGRESOS / PROCEDENCIA

2. Que, no caso de non cumprimentar a táboa anterior, é coñecedor/a de que non poderá recibir ningún

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387





Concello de Vilaboa

tipo de puntuación polas cargas familiares e/ou nivel de rendas recollidas nas bases de convocatoria.

3. Que, de existir algunha circunstancia específica de importancia para a valoración do nivel de rendas/cargas familiares dentro deste proceso selectivo, o comunicar ao Tribunal de forma inmediata, achegando un escrito e/ou informe elaborado polos organismos competentes nesta área.

4. Que, mediante a sinatura desta declaración xurada, autoriza ao Tribunal a que poidan realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos, incluídos os datos fiscais na AEAT.

5. Que mediante a sinatura deste documento se responsabiliza da veracidade de todos os datos que recolle e asume as posibles consecuencias derivadas da falsidade e/ou ocultación de información.

6. Outra declaración: ex.: Problemas horario, conciliación familiar,

Manifesto que _____

Vistos estes antecedentes, é polo que **SOLICITA:**

- Que se teña por presentada esta declaración xurada como documentación obrigatoria do proceso selectivo referenciado.
- Que se teña por presentada esta solicitude de participación no devandito proceso selectivo

DOCUMENTACION A PRESENTAR CON ESTA SOLICITUDE:

- DNI
- Documentación xustificativa dos criterios socio-laborais

Vilaboa, a..... de de 2021

SR. ALCALDE -PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILABOA

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387

